



O PSdeG de Palas critica “o desprezo á democracia” do alcalde, que aínda non convocou o pleno previsto para o día 16

“No PP pensan que son os donos do Concello e poden facer o que lles dá a gana, pero isto xa é unha falta de respecto aos veciños, á oposición e ás normas democráticas”, din os socialistas, que lembran que “é unha obriga legal” e se non se convoca de inmediato poderían acudir aos tribunais

O pleno municipal ordinario de Palas de Rei tiña que terse celebrado hai dúas semanas, o pasado 16 de maio, pero a día de hoxe aínda non foi convocado polo alcalde. O grupo municipal do PSdeG censura esta actitude, que supón “un desprezo á democracia”, e pregúntase “cales son os motivos polos que non se convoca, ou se é que o alcalde de Palas cre que reúne todas as competencias de control a si mesmo”, nunha actitude que cualifican de “realmente increíble”.

Os socialistas critican que “no PP pensan que son donos do Concello e poden facer o que lles dá a gana, e menosprezan unha institución que o alcalde preside e tamén a vontade dos veciños de Palas”. O PSdeG local insta ao goberno municipal a que convoque de inmediato o pleno, que lembran “é unha obriga legal”. Do contrario, afirman: “Non imos ter máis remedio que facer valer o noso deber e exercizo do cargo público de concelleiros ante os tribunais, xa que se está a incumplir o **artigo 23 da Constitución Española**”. Ademais, lembran que “a Dirección Xeral da Administración local da Xunta, nunha circular, recordou a algúns concellos a obrigatoriedade de celebrar os plenos cada dous meses nos concellos de menos de 5.000 habitantes, tal e como di a **Lei de Administración Local de Galicia**”.

Os socialistas destacan que o pleno “é o máximo órgano de representación municipal, onde están obrigados a explicar a súa xestión e render contas, e é donde se controla o goberno e a oposición pode exercer a súa labor de control” polo que “isto xa é unha falta de respecto aos veciños e veciñas de Palas, á oposición e ás normas democráticas”.

Palas, 31 de maio de 2013